

COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de febreiro de 2025**

Ás 16.30 horas do día 19 de febreiro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luis Díaz Vidal

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputados/as do BNG:

D. Xosé Manuel Puga González

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asisten o deputado do Grupo Popular don Plácido Álvarez Dobaño e a deputada do BNG dona María José Mangana Guede, que son substituídos por don Jorge Pumar Tesouro e don Xosé Manuel Puga González, respectivamente.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xaneiro de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 21 de xaneiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MUTACIÓN DEMANIAL OBXECTIVA OU INTERNA DO BEN INMOBLE DE TITULARIDADE PROVINCIAL EMPRAZADO NA RÚA PROGRESO 28 (OURENSE) E REFERENCIA CATASTRAL 3680010NG9837N0001DE: DE AFECTACIÓN AO SERVIZO PÚBLICO ADMINISTRATIVO, A AFECTACIÓN AO SERVIZO PÚBLICO DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA ÁS EELL DA PROVINCIA EN MATERIA DO CICLO DA AUGA.

D.ª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que xa fai tempo que o seu grupo ven preguntando polo destino que se lle ía dar a este inmovible, xa que o mesmo se atopaba en desuso. Sinala que na súa opinión a decisión de destinalo ao Centro AquaOu é acaída se ben unha situación tan céntrica pode ter tanto vantaxes como inconvenientes. Remata indicando que votarán a favor desta proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que tamén lle parece unha boa opción de destino para este inmovible, e a ver se isto supón por fin o principio do desmantelamento do INORDE. Engade que o proxecto do PERTe da auga xestionado entre AQUAOURENE e a Deputación é de moito interese, se ben é unha pena que non poida chegar ao 100 por 100 dos concellos da nosa provincia.

Para rematar o debate a **Presidencia** lembra que a este proxecto están adheridos 82 dos 92 concellos da provincia, se ben hai determinadas accións ás que non se poden adherir os concellos que teñen concesionada a xestión do ciclo da auga por impedilo a propia normativa reguladora da subvención.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o cambio de destino, mediante mutación demanial obxectiva ou interna, do inmovible que se describe:

- *Número 28 da rúa do Progreso da cidade de Ourense, con referencia catastral 3680010NG9837N0001DE, e cualificado no inventario provincial de bens como ben de dominio público, afectado a un servizo público (administrativo).*

Unha vez que acade eficacia o presente acordo, o inmovible quedará afectado e será destinado ao servizo público de cooperación e asistencia ás entidades locais da provincia en materia do ciclo da auga, acollendo o “Centro Intelixente para a xestión provincial da auga (AQUAOU), acordo que se adopta mediante mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

2º. Por considerar conveniente para os intereses públicos e a participación cidadá no presente expediente, e consonte ao previsto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, anunciar no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica provincial, polo prazo de un (1) mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

3º. Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións, ou, no seu caso, adoptar un novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º. Cando o acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario de Bens, no Rexistro da Propiedade e en aqueles outros rexistros públicos en que sexa necesario, o cambio de destino efectuado no citado ben inmovible provincial.

5º. Facultar á Presidencia para a realización de todos os trámites e firma de todos os documentos para levar este acordo ao seu estrito cumprimento.

3º.- APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO XERAL DE BENS E DEREITOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE A 31.12.2024

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que van estudar o expediente remitido con maior detalle polo que formulan reserva de voto para o Pleno.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que estamos diante dun documento estritamente técnico polo que votarán a favor da súa aprobación.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do Grupo Socialista (4) e a abstención do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a actualización e rectificación anual do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Ourense, coas baixas e altas que figuran no expediente administrativo electrónico de referencia, constituíndose o devandito inventario, resumido por epígrafes, ao 31 de decembro de 2024, da maneira seguinte:

Nº EPIGRAFE	TIPO BIEN	Nº BIENES	VALOR REAL	COSTE REPOSICIÓN	VALOR SEGURO
11	INMUEBLES URBANA	85	85.285.928,51 €	85.285.928,51 €	40.910.709,28 €
12	INMUEBLES RÚSTICA	379	146.536.163,84 €	146.543.534,84 €	15.373.014,28 €
13	VIALES	268	1.583.587.034,50 €	1.583.587.034,50 €	158.358.703,45 €
21	DERECHOS REALES	4	142.841,56 €	142.641,56 €	100.289,09 €
31	HISTORICO ARTÍSTICO	1769	5.523.939,19 €	5.639.010,28 €	5.632.055,28 €
41	VALORES MOBILIARIOS	8	22.697.726,03 €	22.697.726,03 €	22.697.726,03 €
51	VEHÍCULOS	317	7.905.501,70 €	8.707.951,67 €	8.322.751,67 €
61	SEMOVIENTES	5	65.370,00 €	65.370,00 €	65.370,00 €
71	MUEBLES	40241	18.970.819,69 €	20.114.321,35 €	20.114.321,35 €
81	REVERTIBLES	41	-	-	-
TOTAL		43117	1.870.715.325,02 €	1.872.783.518,74 €	271.574.940,43 €

O importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a 31 de decembro de 2024 ascende a un valor real de mil oitocentos setenta millóns setecentos quince mil trescentos vinte e cinco euros con dous céntimos.

SEGUNDO: Que se remita a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, a data 31 de decembro de 2024, á Administración do Estado e á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, en cumprimento do preceptuado no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO: Publicar a información debidamente actualizada no portal de transparencia provincial aos efectos de dar cumprimento á normativa aplicable.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta pola instalación de “taquillas” destinadas ao comercio local que se está levando a cabo pola Deputación en diferentes concellos da provincia (Allariz, Bande, O Carballiño e outros) no marco dun proxecto de fomento do comercio local, pedindo que se lle dea máis información tanto aos concellos nos que se instalan como aos comerciantes que van ser beneficiarios, sobre todo no relativo á accesibilidade ás “taquillas”.

D. Bernado Varela López, do BNG, engade que no caso do concello de Allariz apenas existiu comunicación co concello, que tivo que poñer o espazo a disposición do proxecto para a instalación das “taquillas”, polo que pide maior coordinación entre as diferentes administracións públicas implicadas.

Dª Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que se trata dunha das accións incluídas no Proxecto CROU, financiado con fondos Next Generation UE e que en todo caso se falou con todos os concellos incluídos no seu ámbito de actuación.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que recentemente a Deputación ven de mudar a súa web e a súa sede electrónica, lamentando que non se teña feito ningún tipo de comunicación a este respecto aos concellos, sinalando que en determinados casos se fai bastante difícil acceder a determinados servizos, poñendo como exemplo a descarga de formularios da Área de Medio ambiente.

A **Presidencia** contesta que a modernización da web provincial era unha demanda reiterada e que agora temos unha ferramenta máis sinxela, intuitiva e útil. Engade que todos os empregados públicos da DPO foron informados dos cambios e se fixo unha nota de prensa. Entende que sobre todo ao principio pode existir algún incidente para navegar nela pero que en xeral o cambio foi satisfactorio, engadindo que esta ferramenta será obxecto de actualización constante tanto de oficio como a petición dos interesados.

E, ás 16.56 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.